

Texto: **PEP BRUNO**

Ilustracións: **MARIONA CABASSA**

Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22x22 cm. 32 páxinas.

Ilustracións en color. Dispoñible en:

- Galego: "A familia C". III Premio Compostela ISBN 978-84-8464-740-9
- Castelán: "La familia C". III Premio Compostela ISBN 978-84-8464-741-6
- Catalán: "La família C". Kalandraka-Hipòtesi ISBN 978-84-937469-7-1
- Euskera: "Z familia". Kalandraka-Pamiela ISBN 978-84-7681-648-6
- Italiano: "La famiglia C". Libri per Sognare ISBN 978-88-95933-33-7
- Inglés: "The C family". Books for dreaming ISBN 978-84-8464-744-7
- Portugués: "A familia C". Livros para Sonhar ISBN 978-989-8205-49-0

Prezo: 13 €

A FAMILIA C


Cada mañá o meu pai fai o almuerzo mentres a miña nai le o xornal e eu preparo a miña mochila. Despois do almuerzo todos saímos disparados...

Pasen e vexan, damas e cabaleiros, nenas e nenos, o único, o inigualable e nunca visto espectáculo da familia C que, servíndose tan só da súa imaxinación, sen rede nin artificio, sen trampa nin cartón, consegue encher de cor ata os días máis grises!

...Porque o circo é moito máis ca unha carpa chea de artistas insólitos e animais habilidosos; é un espazo onde se cruzan realidade e irrealidade, un lugar neste mundo que pertence a outro mundo: o da ficción e maila maxia. "A familia C" (C de circo?) é unha familia que adora o ambiente circense e canto significa de posible-imposible. E ese amor pola fantasía, o xogo de irreal-realidade, é o que permite que a rutina fastía dos seus días se impregne de ilusión. A familia C vive unha vida normal, pero ese caudal de enxeño énchea de cor e posibilidades; vive así no soño dos días fermosos, onde facer o almuerzo ou ir traballar pode acabar sendo unha grande aventura.

As ilustracións, feitas con técnica mixta, destacan polo seu colorido e forza expresiva. En conxunto, é unha obra que o xurado do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado definiu como "imaxinativa, orixinal e moderna".

- **Temática:** o circo, a visión que un neno ten da súa familia
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2010
- **Aplicacións:** a actividade circense; as relacións familiares; imaxinación; ilustracións coloristas e expresivas; dobre lectura, visual e literaria



III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

PEP BRUNO (Barcelona, 1971)

Afincado en Guadalaxara, é licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada, e diplomado en Traballo Social. Escritor e narrador oral, tamén imparte cursos, obradoiros e realiza actividades vencelladas aos libros e á animación lectora. Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalaxara. Ten publicados varios álbums infantís e libros de contos para adultos. Gañou o IV Premio Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular Cabildo de Gran Canaria.

MARIONA CABASSA (Barcelona, 1977)

Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación académica en Francia. Participou en diversas exposicións colectivas de gravado e ilustración, e imparte cursos de arte e deseño. Recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e en 2009. Ademais, foi seleccionada en 2005 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Tamén ten experiencia na publicación de álbums para público infantil.

